

2024

# ValdeMiñor é Ciencia

O valor do coñecemento para encarar o futuro

Venres, 19 de abril  
Multiusos Mercado de Sabarís



## PROGRAMA

10:30—13:30      16:30—18:00

### II FEIRA CIENTÍFICA

18:00—20:00

### PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN

#### Paula López Hermida e Martín Rey Álvarez

Alcumes no Val de Miñor, o tesouro inmaterial da xente común

#### Sofía Collazo Cousiño

Efecto alelopático de *Zostera noltii* sobre o dinoflaxelado formador de proliferación tóxica *Alexandrium minutum*

#### Ariane Antequera González e Eva Leyenda de Arriba

Estudo da presenza de microplásticos na costa valmiñorana

#### Emma Nadine Brunel e Alicia Fernández Gefaell

Estudo da poboación de berberecho, *Cerastoderma edule* (Linnaeus, 1758) da Foz do río Miñor: 2015—2023

20:00

### CONFERENCIA



#### Fernando Valladares

*Ciencia e activismo, o reto da xuventude ante o cambio global*



Concello de  
BAIONA



Concello de  
NIGRÁN

IES Primeiro de marzo



Instituto de Ensino Secundario Val Miñor



## Fernando Javier Valladares Ros

(Mar del Plata, 1965) Doutor en Ciencias Biolóxicas pola Universidade Complutense de Madrid, é profesor do CSIC, onde dirixe o grupo de Ecoloxía e Cambio Global no Museo de Ciencias Naturais e profesor asociado da Universidade Rei Juan Carlos.

As súas investigación céntranse nos impactos do cambio global nos ecosistemas terrestres e nos mecanismos de tolerancia e supervivencia a condicións ambientais extremas. Porén, máis alá das súas contribucións científicas, dende hai máis de dúas décadas adica un gran esforzo á difusión do coñecemento transmitindo á sociedade as evidencias científicas sobre a crise climática e a alarmante perda de biodiversidade no noso planeta.

Ademais de frecuentes intervencións en diferentes medios de comunicación, posúe os seus propios canles onde realiza unha intensa actividade divulgadora, Youtube, Twitter, Instagram e Facebook, é o responsable da sección “Ciencia Crítica” de *el-diario.es* e publica artigos de análise sobre cuestións ambientais en medios como *The Conservation-España*.

Valladares é autor de varios libros, o máis recente, ***Recivilización, desafíos, zancadillas y motivaciones para arreglar el mundo***.